

FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR 26-27



Na **ORDE do 29 de abril de 2026** régúlese a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos, para o curso escolar

2026/27.

BENEFICIARIAS

Aquelas familias con alumnado matriculado en centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos nas modalidades de gratuidade solidaria que se relacionan a seguir:

- a) **Fondo solidario de libros de texto** do alumnado matriculado en **3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria.**
- b) **Axudas para adquirir libros de texto** destinadas ao alumnado matriculado en **1º e 2º de EP.**
- c) **Axudas para material escolar** destinadas ao alumnado matriculado en **E.Primaria.**

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

De xeito telemático: <https://www.edu.xunta.gal/fondolibros/>

De xeito presencial.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Iniciarase o día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia e rematará o día 19 de xuño de 2026

PUBLICACIÓN DAS LISTAXES PROVISIONAIS

As listas provisionais publicaranse o día 6 de xullo no taboleiro do centro.

PRAZO DE RECLAMACIÓN ÁS LISTAS PROVISIONAIS

O prazo de reclamación ás listas provisionais será de tres días hábiles a partir da publicación, é dicir, os días **7, 8 e 9 de xullo**.

PUBLICACIÓN DAS LISTAS DEFINITIVAS

As listaxes definitivas das axudas de libros de texto, material escolar e do fondo de libros publicaranse no taboleiro de anuncios do centro o día **13 de xullo**.

RECOLLIDA DOS VALES

O Centro avisará para a recollida de vales.

Os libros adxudicados do fondo (3º, 4º, 5º e 6º Primaria) SERÁN ENTREGADOS AO ALUMNADO ao comezo das clases.
